



## O CEESG ante o EEES

Nº 19 | Setembro de 2008 | Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia



Rúa Gómez Ulla 7, 3º  
15702 Santiago de Compostela  
A Coruña

T 981 552 206 | F 981 938 274  
ceesg@colexioeducadores.com  
www.colexioeducadores.com

**O CEESG ante o EEES:****Un pronunciamento da profesión para a reforma da formación universitaria**

A Xunta de Goberno do Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia, vistos os resultados derivados da consulta colexial sobre “A formación das/os Educadoras/es Sociais no Sistema Universitario de Galicia”, e oídas a cantas persoas que exercen a profesión tiveron a ben pronunciarse ao respecto da inminente reforma da formación universitaria, acorda na súa reunión ordinaria celebrada en Santiago de Compostela, a 24 de xullo de 2008, poñer en coñecemento dos e das responsables das Facultades de Ciencias da Educación integrantes do Sistema Universitario de Galicia, as seguintes consideracións:

1. A formación na profesión ha de observar os seus Documentos Profesionalizadores, aprobados polo CEESG, e outros nove Colexios autonómicos que integran o *Consello Xeral de Colexios Oficiais de Educadoras e Educadores Sociais* (CGCEES), creado pola Lei 41/2006 de 26 de decembro. Estes tres documentos conteñen unha Definición Profesional da Educación Social e un Catálogo de Funcións e Competencias que, xunto co Código Deontolóxico, resultan básicos para artellar unha mesma identidade común para cantas persoas exercen a Educación Social no conxunto do Estado, así como unha cultura de mínimos que as institucións máis representativas da profesión coinciden en sinalar como elementos que guían a converxencia estatal e europea da Educación Social, sen menoscabo da periódica adecuación destas funcións e competencias profesionais ás novas esixencias e demandas da realidade social.
2. O notable incremento do número de créditos necesarios para a obtención do novo título de Grao, aumentando de 180 créditos a 240 ECTS, debe servir para mellorar o achegamento entre a formación e a súa profesionalización, no sentido máis amplo do termo, como proceso de inserción no mercado laboral e desenvolvemento socio-profesional. Ao respecto, faise imprescindible que os novos de plans de estudo axuden a propiciar unha meirande visibilidade dos ámbitos de acción-intervención social dos educadores e das educadoras sociais.  
  
Entre outros modos, concretando na súa estrutura as denominacións dos espazos, contextos, ámbitos e escenarios de intervención prioritaria.
3. O Practicum, así como a compoñente práctica de cada unha das materias, ha de incrementar moi significativamente a súa relevancia dentro do título; tanto no número de créditos asociados (aproximándose aos 60 créditos), como na importancia que se lle debe de conceder no conxunto da formación. Asemade, ha de articularse como un proceso de profesionalización progresiva, que implique unha toma de contacto cada vez máis profundada coa realidade socio-profesional. Neste quefacer, cabe valorar o labor de mediación que o Colexio Profesional pode desempeñar para facilitar as interconexións cos e coas profesionais en exercicio, así como as relacións entre Universidade, Administración, Empresa e outras entidades. Aquí, o recoñecemento do labor titorial realizado por cadanseu profesional deberá reverter nunha especial consideración das universidades cara ao apoio das iniciativas que se promovan, con miras a favorecer un maior e mellor desempeño destas responsabilidades docentes cos/as futuros/as egresados/as universitarios/as.
4. En consonancia co anterior, estímase que as Facultades han de contemplar nas súas programacións docentes a participación de representantes da profesión que poidan favorecer no estudantado a apropiación dunha identidade profesional e dunha cultura de profesión, elevando a súa vinculación con aquelas organizacións, entidades, institucións, administracións, etc. que contribúen ao desenvolvemento dunha profesión con valor de seu.
5. A fin de favorecer a mellor resolución das reformas -cando menos- no conxunto do territorio galego, avógase para que as Universidades fagan coincidir, en tempo e forma, o proceso de extinción dos plans de estudos da *Diplomatura*, fixando unha única data para a entrada en vigor do novo título de *Grao*.
6. Cara a unha mellor profesionalización, cómpre prever o deseño de distintos títulos de posgrao que ofrezan a máxima especialización teórica e metodolóxica que atenda aos distintos contextos de actuación profesional, así como aos axentes e colectivos que a protagonizan.
7. Como resultado do conxunto do proceso, ha de velarse para que todo educador e toda educadora manteña, de maneira efectiva, os actuais dereitos que lle concede a habilitación para o exercicio da profesión que teña adquirido no transcurso da Diplomatura en Educación Social. Neste sentido, cómpre lembrar o establecido no *REAL DECRETO 1393/2007, de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzaas universitarias oficiais*, no tocante á súa Disposición adicional cuarta relativa ao “efecto dos títulos correspondentes á anterior ordenación”, pola que se determina que “os títulos universitarios oficiais obtidos conforme a plans de estudos anteriores á entrada en vigor do presente real decreto manterán todos os seus efectos académicos e, no seu caso, profesionais”.
8. Se, de maneira excepcional, se establecen medidas para quen, estando en posesión do título oficial de Educador ou Educadora Social, pretenda cursar as ensinanzaas de Grao, ha de considerarse que a devandita formación adicional deberá ter en conta a bagaxe profesional adquirida polos e polas aspirantes. Neste sentido, o CEESG é partidario de non reincidir na experiencia dos actuais “cursos de nivelación”, mudando estes procesos de validación por unha formación complementaria que se adecúe ás competencias esixidas e esperables, ao tempo que promova o desenvolvemento profesional dos educadores e das educadoras en activo. Aquí, obsérvase que o recoñecemento da función titorial co estudantado en prácticas, a partir dunha memoria de quen titorice este tipo de procesos, pode ser unha das mellores vías para validar, acreditar e certificar as competencias gañadas no exercicio da profesión.

Como adenda final, o CEESG resérvase o dereito a ser escollido e considerado en vindeiras ocasións, ofrecendo toda a súa dispoñibilidade para continuar colaborando coas Universidades galegas no proceso de reforma da formación universitaria, e en tantas outras iniciativas de interese común en prol da profesión.

## ACTUACIÓNS REALIZADAS

- Escrito á Universidade de A Coruña, en relación ao “contrato de traballo con cargo a un convenio de colaboración entre a Universidade da Coruña e a Secretaría Xeral de Emigración da Xunta de Galicia para o desenvolvemento de programas de sensibilización e o voluntariado social no ámbito universitario”, publicada na páxina web da Universidade, na que non se incluía aos educadores/as sociais habilitados/as para acceder a este posto.
- Escrito ao Concello de A Coruña en relación á convocatoria das prazas de “Educador/a Social” e “Técnico/a Medio/a de Educación”, publicadas na páxina web do concello, nas que non se incluía aos educadores/as sociais habilitados/as para acceder a este posto.
- Escrito a Aldeas Infantiles SOS en relación á praza de “Responsable de fogar/educador” publicada na web [www.hacesfalta.org](http://www.hacesfalta.org), na que se solicita información acerca das funcións que desenvolverán estes profesionais e se solicita a modificación dos requisitos de acceso.
- Escrito á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar en relación á convocatoria de bolsas para realizar prácticas como educadores en centros de menores, publicadas no DOG de 31 de xullo, solicitando que se modifiquen os requisitos para admitir a persoas de máis de 25 anos.
- Envío de aportacións ao Proxecto de Lei de Servizos Sociais de Galicia, dirixido aos grupos políticos parlamentarios. Alfonso Tembrás López, Vicepresidente do CEESG, mantivo sendos encontros con representantes dos grupos socialista e popular os días 3 e 9 de setembro respectivamente.
- Escrito ao Concello de Bergondo informando sobre a habilitación profesional, xa que no prego de condicións técnicas da licitación do servizo de “actividades sociais”, publicado na web do concello e publicitado no BOP de Coruña do 8 de setembro, menciona a contratación de educadores/as sociais, sen contemplar aos habilitados/as.
- Escrito a D. Lois Pérez Castrillo, xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e do Benestar, solicitando información acerca dos perfís que formarán os equipos e aclaración das súas funcións nos diversos recursos e plans que están a xestionar (concretamente: centros Quérote, casas de acollida para mulleres e Plan de Infancia).
- Escrito a D. Rubén Cela Díaz, Director Xeral de Xuventude e Solidariedade, solicitando información acerca dos perfís profesionais que formarán parte dos equipos de traballo dos centros Quérote, tras o paso da súa xestión ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e do Benestar.
- Selección de dúas alumnas para o curso de “Asistente persoal”, impartido por AGADEA en Santiago de Compostela durante os meses de setembro, outubro e novembro.
- Escrito dirixido a Dna. Carme Adán Villamarín, Secretaria Xeral de Igualdade, agradecendo que se tiveran en conta en gran medida as aportacións realizadas polo CEESG ao proxecto de orde que regula os Puntos de Encontro Familiar.
- Escrito ao Concello de Caldas de Reis, en relación ás bases de contratación dun “experto docente en atención a persoas dependentes”, publicadas na web do concello, solicitando que se indique expresamente a titulación de Educación Social como unha das que pode dar acceso a este posto.
- Escrito ao Concello de Verín, en relación á convocatoria dunha praza de “Educador para a oficina de integración e prevención da marxinação do pobo xitano”, publicada no xornal *La Voz de Galicia* de data 23 de agosto, sinalando a importancia de que a denominación dos postos sexa adecuada para facilitar a clarificación de perfís profesionais.
- Asistencia ao Acto de balance das accións do II Plan Galego de Inclusión Social 2007-2008, que tivo lugar en Santiago de Compostela o día 15 de setembro, organizado pola Secretaría Xeral de Benestar. Asistiu M<sup>a</sup> José Fernández, Presidenta do CEESG.
- Asistencia ás Segundas Xornadas de Traballo da Rede Interxeracional, organizadas polo IMSERSO, que tiveron lugar en Madrid os días 18 e 19 de setembro. Asistiu Silvia Montes Castro, membro do Grupo de Estudos e Intervención Xerontolóxica do CEESG.
- Resolución desestimatoria, por parte do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, do recurso de apelación interposto polo CEESG contra a sentenza xudicial sobre o proceso selectivo dun “Técnico sociocultural” no Concello de Santa Comba.
- Resolución estimatoria, por parte do Concello de Vila de Cruces, do recurso de reposición interposto polo CEESG contra as bases de proceso selectivo de educador/a familiar, declarando o dereito dos habilitados/as a participar no procedemento selectivo.
- Resolución estimatoria, por parte do Concello de Castro Caldelas, do recurso de reposición contra as bases de selección dun educador/a familiar. Declarando o dereito dos habilitados/as a participar no proceso selectivo.
- Resolución estimatoria, por parte do Concello de Burela, do recurso de reposición contra as bases de selección dun educador/a familiar, declarando o dereito dos habilitados/as a participar no procedemento selectivo.
- Participación no evento titulado *La educación no formal en el trabajo con jóvenes*, que tivo lugar do 15 ao 19 de setembro en Águilas, organizado pola Universidade de Murcia. Alberto Fernández-Sanmamed Santos, Vogal do CEESG, participou na mesa redonda: *Educación Social*, en calidade de Presidente do CGCEES.

## NOVAS PUBLICACIÓNS DISPOÑIBLES NA BIBLIOTECA DO CEESG

- “Revista de Estudios de Juventud” N° 46. Monográfico: Juventud y Sociedad Red. Setembro 1999. Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales. Instituto de la Juventud.
- “Revista de Estudios de Juventud” N° 48. Monográfico: Juventud rural. Marzo 2000. Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales. Instituto de la Juventud.
- “Revista de Estudios de Juventud” N° 51. Monográfico: Cooperativas, sociedades laborales, juventud y autoempleo. Decembro 2000. Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales. Instituto de la Juventud.
- “Infoxove” n° 28. Agosto 2008. Xunta de Galicia.
- “CDD. Boletín documental sobre drogas y drogodependencias” N° 153. Xullo 2008.
- “Revista UNICEF” N° 203. Xullo 2008. UNICEF Comité Español.
- “Estadística de familias numerosas”. Ano 2008. Xunta de Galicia.
- “Directorio de Centros” Ano 2008. Xunta de Galicia.
- “Educación Social. Revista De Intervención Socioeducativa” N° 38. XaneiroAbril 2008. Escoles Universitàries De Treball Social I Educació Social Pere Tarrés.
- “Educar(Nos)” N° 41. II Época. I de 2008. MEM (Movimiento de Renovación Pedagógica de Educadores Milanianos)
- “Recompilación Normativa 2007”. Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.
- “Perfiles. Revista General de Política Social” N° 243. Setembro 2008. ONCE.
- “UDP” N° 224. Setembro-Outubro 2008. Unión Democrática de Jubilados y Pensionistas de España.
- “Entre Mayores. Hablamos de ti” N° 82. Setembro 2008.
- AA.VV. (2006): *Experiencias de relación en la escuela. Prevenir la violencia contra las niñas y las mujeres. Serie de cuadernos de Educación No Sexista n° 19*. Instituto de la Mujer.
- HERNÁNDEZ MORALES, G. e NOGUEIRAS GARCÍA, B. (2001): *Relaciona: una propuesta ante la violencia. Serie de cuadernos de Educación No Sexista n° 11*. Instituto de la Mujer.

## FORMACIÓN CONTINUA

### XORNADAS GALEGAS SOBRE VIOLENCIA DE XÉNERO

**Organiza:** Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Secretaría Xeral de Igualdade.

**Lugar:** Pazo de Congresos e Exposicións de Galicia. Santiago de Compostela.

**Datas:** 24 e 25 de novembro.

**Información:** Secretaría Xeral de Igualdade. Tlf.: 981935346

### XORNADAS MUNICIPAIS SOBRE DROGAS

**Organiza:** Concello de Santiago de Compostela. Concellaría de Benestar Social e Muller. Unidade Municipal de Atención ás Drogodependencias (UMAD)

**Lugar:** Pazo de Congresos e Exposicións de Galicia. Santiago de Compostela.

**Datas:** 10 e 11 de outubro.

**Información:** Secretaría Técnica: Atalaia Social

Tlf.: 677214613 / 981897817

www.umadxornadasmd.com / umadcongreso@gmail.com

### CONGRESO INTERNACIONAL SOBRE ACOLELAMENTO FAMILIAR

**Organiza:** Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Secretaría Xeral do Benestar.

**Lugar:** Pazo de Congresos e Exposicións de Galicia. Santiago de Compostela.

**Data:** 13, 14 e 15 de outubro.

**Información:** www.congresoiaf.com

### VI XORNADAS SEN VIOLENCIA - CONVIVENCIA: A COMUNICACIÓN NA ADOLESCENCIA

**Organiza:** Cruz Vermella Xuventude Pontevedra.

**Lugar:** Pazo da Deputación Provincial de Pontevedra.

**Data:** 23 de outubro.

**Información:** Cruz Vermella Xuventude Pontevedra.

Tlf.: 986852115 / 85201 Ext. 33 (María Durán)

mduran@cruzroja.es

## NOVAS DOS BOLETÍNS

### EMPREGO

**Concello de Toques (A Coruña):** Anuncio da oferta de emprego público. Unha praza de Axente de emprego e desenvolvemento local. DOG de 30/07/08

**Concello de Caldas de Reis (Pontevedra):** Anuncio da oferta de emprego público. Unha praza de Axente de igualdade e unha praza de animador sociocultural. DOG de 25/08/08

**Concello de Lugo:** Bases específicas para o acceso ás prazas de orientador/a laboral e animador/a sociocultural. BOP de 20/09/08

### OUTROS

**Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e**

**Xustiza:** Resolución pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para a realización de viaxes por razóns de interese social, asistencial ou humanitario. DOG de 30/07/08

**Ministerio de Educación, Política Social y Deporte:** Orde pola que se convoca axudas para o establecemento de agrupacións de centros educativos para a realización e posta en práctica de proxectos comúns. BOE de 01/09/08

**Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar:** Orde pola que se regulan as subvencións para a cobertura do custo de procesos de mediación familiar en Galicia. DOG de 01/09/08

**Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar:** Decreto 184/2008, de 24 de xuño, polo que se crea o Observatorio Galego da Infancia. DOG de 02/09/08

**Consellería de Traballo:** Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas en materia de traballo en igualdade das mulleres de Galicia. DOG de 15/09/08

**Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar:** Orde pola que se desenvolve o Decreto 195/2007, do 13 de setembro, polo que se regula o Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Personal para persoas con discapacidade e/ou dependentes e se aproba o Catálogo de prestacións do servizo. DOG de 15/09/08

**Ministerio de Sanidade e Consumo:** Orde pola que se convoca a concesión de axudas económicas a entidades privadas sen fins de lucro e de ámbito estatal para a realización de programas supracomunitarios sobre drogodependencias. BOE 20/09/08

**Ministerio de Sanidade e Consumo:** Orde pola que se convoca a concesión de axudas económicas a corporacións locais para o desenvolvemento de programas de prevención das drogodependencias. BOE 20/09/08

**Ministerio de Sanidade e Consumo:** Resolución pola que se publica o Convenio de colaboración entre o Ministerio de Sanidade e Consumo e a Consellería de Sanidade / Servizo Galego de Saúde da Comunidade autónoma de Galicia, para a realización de actividades sobre a violencia de xénero. BOE de 22/09/08

**Consellería de Traballo:** Orde pola que se convocan para o ano 2008 as axudas e subvencións para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local no ámbito da colaboración coas entidades locais. DOG de 29/08/08

## OUTRAS CONVOCATORIAS

### OFERTA DE EMPREGO



**Posto:** Docente para curso de Políticas de Igualdade. Impartirá un curso de Políticas de Igualdade e formará profesionais no ámbito social e na intervención con mulleres. Necesaria formación na rama Social e en Políticas de Igualdade. Xornada parcial (5 horas ao día), durante dous meses. (Oferta nº 968955)

**Contacto:** www.cimoemprego.com, O Portal Galego do Emprego ou chamando ao 902116039 (Telemprego CIMO)

### OUTRAS OFERTAS

**Puesto:** Profesionais para charlas educativas en centros escolares de secundaria. Estas charlas serán sobre os cambios na adolescencia, e desenvolveranse durante o curso 2008-2009 nas cidades de A Coruña, Vigo, Pontevedra, Ourense e arredores (necesario coche). Posto convocado pola empresa 10d10.

**Contacto:** Enviar CV actualizado a consultas@10d10@net antes do 1 de novembro ou chamar ao 981140045 de 10 a 10 h. A recollida de curriculum realizárase ao longo de todo o ano, pois a campaña realizárase anualmente, podendo variar as cidades nas que se leva a cabo.